

PRADARÍA MARIÑA DE ARES.

Contextualización:

Somos dous grupos de 6º de primaria do CPI As Mirandas sito no concello de Ares, onde nosa costa e as nosas praias, sempre foron parte importantísima do noso ocio e da vida económica da nosa vila.





Cofñecíamos a parte da praia onde se atopan unhas plantas que nos non chegábamos a identificar e dende logo, descoñecíamos totalmente a súa importancia, percibíndoa incluso como algo molesto e desagradable.

Sentimos a necesidade de coñecer a nosa contorna polo que depois do primeiro contacto coa entidade CEIDA, o noso interese aumentou exponencialmente debido ao entusiasmo e cariño con que Vanesa nos falou e transmitiu os primeiros conceptos básicos sobre a pradaría.

Obxectivos:

- Educar para a sustentabilidade
- Iniciar aos alumnos na capacidade para buscar e seleccionar información relacionada co proxecto.
- Concienciar da necesidade de conservar a pradaría
- Analizar o impacto producido polo turismo, actividades náuticas e a pesca, na nosa pradaría
- Tomar decisións e chegar a consensos.
- Desenvolver o sentido de pertenza o grupo e responsabilidade do traballo en común.

Metodoloxía:

Para desenvolver este proxecto, aplicamos o método científico.

Comenzando por despertar o interese, sendo polo tanto a actividade inicial e motivadora o primeiro contacto co CEIDA, continuando por descubrir e rexistrar os coñecementos previos dos alumnos, así como os seus intereses de aprendizaxe e as súas dúbidas.



Posteriormente, fixemos traballo de campo, observando directamente a nosa pradaría, apuntando e observado no caderno de rexistro proporcionado pola propia entidade.



Posteriormente, levamos a cabo unha reflexión na que debatimos sobre os diferentes aspectos da pradaría que podíamos traballar, chegando así á conclusión de que o noso proxecto se iba centrar na conservación da pradaría de Ares.

Contactamos co concello co fin de contarlle tanto ao alcalde como á concelleira de educación os nosos intereses e inxedanzas, procurando a colaboración do concello na defensa e conservación da nosa pradaría cousa pola que o alcalde mostou interese.



Como actividade relevante final, programamos unha visita de todas as aulas de primaria, para transmitir a importancia da nosa pradaría e a necesidade da súa colaboración para conservala.





Actividades:

- Facer traballo de campo nas diversas saídas á contorna, onde visitaremos a praia e a pradaría mariña. Observando, in situ, a vexetación e a fauna propia da nosa pradaría. Así como os elementos que non lle son propios e que dificultan a súa conservación: lixo, acción do home, incursión dos animais domésticos etc.
- Propoñer ao concello a súa implicación para a divulgación e coñecemento da riqueza da nosa praia. Dos elementos naturais que lle son propios e que necesitamos preservar.
- Facer trípticos informativos e carteis de divulgación coas características da nosa praia e a súa pradaría mariña. Que precisa ser coidada por todos e todas, tanto os que viven en Ares todo o ano como aqueles que nos visitan durante as vacacións.
- Facer un video (TIK-TOK) coa finalidade de concienciar sobre a importancia e coidado da nosa pradaría. Iste poderá ser visualizado polas familias e amigos dos implicados no proxecto, pero esperamos darlle maior divulgación. Aspecto no que esperamos contar coa colaboración do concello e da asociación CEIDA.

Conclusións:

Por tratarse dunha investigación que parte do entorno cercano aos alumnos e alumnas, sendo eles os protagonistas e artífices da súa aprendizaxe, resultou unha aprendizaxe moi motivadora.

Durante as visitas á pradaría estivemos en contacto con especies da fauna que clasificamos segundo as súa características:







Descubrimos que na nosa praia tamén conviven especies invasoras.



En definitiva, sentímonos parte implicada na conservación do noso entorno natural e da necesidade de establecer unha convivencia sostible coa nosa flora e fauna. Polo que consideramos, é un traballo que debería ter continuidade no tempo, xa que é unha labor que non se esgota nun curso académico. E os grupos que veñen a continuación dos noso amosarán igual de interese que nós. A pradaria precisa do noso traballo de conservación a longo prazo.

Estamos moi agradecidas ao CEIDA por incluírnos e guiarnos neste proxecto.